


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

3-4 de decembro do 2022

II DE ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ n° 38 **Que veña Deus** á nosa terra

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza coa expresión dun desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Estamos xa na segunda semana do tempo do Advento, que é tempo para prepararnos para o encontro con Deus.

Este ano está a acompañarnos este taboleiro no que amosamos que queremos dar unha man para facer o camiño que nos leva do advento ao Nadal. Cada semana estamos a ver como as nosas mans nos axudan para facer o camiño que leva ao Nadal.

É un camiñar de igrexa coa esperanza na chegada do Neno Xesús.

Se miramos con sinceridade para a nosa vida, dámonos conta de que temos cousas que cambiar se queremos prepararnos para atoparnos con Deus neste Nadal.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a: *A coroa do advento está sendo signo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz** á nosa terra”

Monitor/a: Hoxe queremos medrar coa luz de quen non se contenta con silenzos, e coa súa voz fala condenando a violencia de xénero, e coa súa voz fala de paz condenando a intolerancia, e coa súa voz fala de tantas e tantas persoas esquecidas.

Hoxe somos alumeados por quen fai vida a carón de persoas encamadas, somos alumeados polas persoas con discapacidade que se esforzan á nosa beira, somos alumeados por cantos compartides aquí.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz** na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Nesta oración pedimos que as nosas ocupacións e preocupacións non impidan que saibamos cambiar e mellorar para prepararmos o encontro con Xesús que está a vir para facerse fogar de Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, non deixes que as ocupacións e preocupacións de cada día impidan o noso camiñar ao encontro con Cristo.

Que o teu espírito de sabedoría nos alente a recibilo preparando o Fogar do Nadal.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *San Paulo na súa carta aos romanos, ao igual que o Bautista no Evanxeo, fálanos deste camiño que estamos a vivir no Advento, para chegar ao Nadal.*

Xoán Bautista percorre a rexión proclamando a necesidade de cambiar para mellorar, dando esperanza porque xa está aquí a salvación de Deus que todos veremos. O Bautista non garda silencio.

Nós, non teremos algo no que cambiar para facelo mellor?.

No Leccionario I A páx 6 Rom 15, 4-9 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Todo canto antigamente se escribiu, escribiuse para a nosa instrución: para que entre a nosa paciencia e o consolo que dan as Escrituras, manteñamos a esperanza.

Que o Deus da paciencia e do consolo vos faga ter un mesmo sentir entre vós, conforme o exemplo de Cristo Xesús. Para que con un só corazón e unha soa boca louvedes a Deus, Pai do noso Señor Xesús Cristo.

Por iso, acollédevos uns a outros, como tamén Cristo vos acolleu, para gloria de Deus. Pois dígovos que Cristo se fixo servidor dos xudeus en razón da fidelidade de Deus, para lles mostrar a firmeza das promesas feitas aos patriarcas; e tamén para que os xentís, pola súa parte, glorifiquen a Deus en razón da súa misericordia. Tal como está escrito:

Por iso louvareite por medio das nacións e cantarei himnos ao teu nome.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor SALMO*

(en pé) No Leccio I A páx 8 Mt 3, 1-12 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naqueles días apareceu Xoán Bautista no deserto, proclamando:

- Convertédevos, que xa chega o Reino dos Ceos.

El era de quen dixerá o profeta Isaías:

Unha voz clama no deserto:
Preparade o camiño do Señor,
endereitade os seus vieiros.

Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguidor de coiro no van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. Ía onda el xente de Xerusalén, de toda Xudea e máis da banda do Xordán. Confesaban os seus pecados e el bautizábaos no Xordán.

Como se decatara de que moitos fariseos e saduceos viñan a que os bautizase, díxolles:

- ¡Raza de víboras! Quen vos ensinou a fuxir do castigo que está a chegar?. Dade froitos dignos dunha verdadeira conversión, e non vos fagades ilusións dicindo entre vós: "Somos fillos de Abraham", porque vos aseguro que Deus pode sacar fillos de Abraham mesmo destas pedras. Xa está a machada posta contra a raíz das árbores, e toda árbore que non dea froito cortarase e botarase ao lume.

Eu bautízovos con auga para que vos convertades. Pero o que vén detrás miña é máis forte ca min, e nin tan sequera son digno de lle levar as sandalias. El havos bautizar co Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpar a súa eira e na hucha recoller o trigo; e ha queimar a palla nun lume que nunca se apaga.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón.


CAMBIAR PARA FACELO MELLOR



Este camiño de advento, nesta segunda semana, segue a convidarnos a poñer as mans cos nosos feitos para poder facelo realidade achegándonos ao NADAL.

* O que agora imos facer é descubrir que man e que camiño se espera de nós nesta segunda semana do advento. (arrincamos a man do 2º do advento e enganchámola na pinza).

É camiño ao Nadal **CAMBIAR PARA FACELO MELLOR** (arrincamos as pegatinas do camiño que leva ao Nadal)



O certo é que non todo vale, non abonda con deixar que os días pasen. Xoán, no evanxeo deste día lémbra-nos, que hai moitas cousas que non podemos calar, porque se calamos facémonos cómplices. Tamén Xoán nos convida, e mesmo nos urxe, a poñer mans ao camiño, porque é certo, e non o negamos, hai moito no que cambiar, hai moito no que temos que implicarnos e facelo mellor:

- contra a violencia de xénero, - contra as desigualdades,
- contra os abusos, - a favor da ecoloxía, - a favor da caridade, - a favor da paz, - á beira dos refuxiados, ...

É camiño ao Nadal **CAMBIAR PARA FACELO MELLOR**

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que ven ao noso encontro, queremos cambiar e facelo mellor coas nosas mans para camiñar cara o Nadal. Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós convidándonos a cambiar e facelo mellor para atender aos demais no camiño que vai do advento ao Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que alenta a abrir os ollos e dar unha man para facelo mellor con quen necesita ser xustamente tratado?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que queremos facer nestas semanas o camiño que nos leva do advento ao Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus, quen espera nel non queda defraudado, cambia, e quere facelo mellor. Con este desexo rezamos dicindo:*

Queremos facelo mellor, Señor

Monitor/a

✓ Por nós: para que neste tempo de advento sexamos unha man de esperanza en tantas situacións de dificultade e crise que teñen que mellorar. Oremos

✓ Polos gobernos: para que, coas súas mans procuren o ben común, axuden a construír camiños de paz, pois dámonos conta de que hai moito que mellorar. Oremos

✓ Polas xentes que teñen mermadas as condicións de dignidade da súa vida, para que cheguen a atopar á súa beira a man do Señor que se achega a todos. Oremos

✓ Polas nosas parroquias, para que camiñemos cara o Nadal coas mans abertas da paz. Oremos

✓ Polas persoas que se cren que o único que importa é o seu, e pechan as mans, cando o que fai falla é cambiar, abrilas e mellorar. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Pai, a túa misericordia e dános a túa salvación en Cristo, dando unha man para facer o camiño que vai do advento ao Nadal. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está na muller que espera paz e non violencia; está en quen abre a man para a caridade; está en quen non se acomoda e cambia para coidar de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dar a nosa man. Recemos confiados:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Esperamos a túa paz Señor para que tamén nós poidamos achegala a quen vive sen esperanza. Ser fogar acolledor na fe é selo contigo Señor, e é selo con todas as xentes. Sexámolo cambiando, e mellorando na paz camiño do Nadal.*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos atentos para cambiar e mellorar facéndolle sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, rogámosche que a participación na Boa Nova nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra e a ter o corazón nos do ceo.

Sabemos que contas con nós para facer mellor no camiño de acoller ao teu Fillo neste Nadal.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

A nosa celebración de advento é facelo mellor para acoller ao que ven ao noso encontro.

A nosa celebración de advento é dar unha man cambiando muros e alambradas por pontes, para compartir a fe cos nosos irmáns facendo camiño.

A nosa celebración ten que ser tamén unha man para vivir como verdadeiros cristiáns dende o noso fogar. Por iso cada quen pode levar a man de hoxe.

CAMBIAR PARA FACELO MELLOR

(Repartimos as mans para levalas para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



*A man que hoxe se espera de nós
para facer o camiño ao Nadal*